

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Literatura oral

### *Teño cinco pesos nunha buratela*

Era un cego que despois de pedir de romaría en romaría fora xuntando uns cartiños. Fóraos agochando nun burato pequeno nun muro de pedra, e cando chegou a xuntar cinco pesos estaba tan contento que andaba cantando polos camiños:

—Teño cinco pesos

nunha buratela!

Teño cinco pesos

nunha buratela!

Sucedeu que o cego comprobaba de cando en cando que o diñeiro seguía na buratela, e un home que o escoitara seguíuno e unha vez que soubo onde agochaba as moedas, roubounas.

Cando o cego volveu á buratela novamente decatouse de que non estaban os cartos, e empezou a pensar en como recuperalos. Así que empezou a cantar polos camiños:

—Teño cinco pesos

nunha buratela!

Teño outros cinco

pra levar a ela!

Daquela, o home que lle collera os cartos, pensando en roubarlle tamén os outros cinco pesos, levou para a buratela os cinco pesos que roubara, para que o cego non sospeitara que sabía do sitio e así poder levar despois os dez pesos.

Pero o cego, en canto volveron para o seu sitio os cinco pesos que tiña na buratela, recolleunos e marchou con eles, e así recuperou os seus cartos e deixou o ladrón sen nada.

[Recollido por Henrique Neira Pereira de Jesús Lobato Fandiño, natural de Galegos, San Pedro de Vilanova (Vedra) e que por moitos anos residiu en San Mamede de Ribadulla (Vedra)]